

# etno-folk

revista galega de etnomusicoloxía

14€

nº II - xuño 2008



Encontro de Gaiteiros  
MANUEL VILLANUEVA  
*gaitas de fol do noroeste*

Dos Acordes

# GAITAS E GAITAS DE FOL GALEGAS CON CANTORES DE TIPO CLARINETE

PABLO CARPINTERO\*

**RESUMO:** As gaitas e gaitas de fol con cantores de tipo clarinete, é decir con lengüetas sencillas, foron ignoradas ata a data en tódolos traballos de organoloxía galega. A súa presencia no noso acervo organolóxico racha coa concepción equivocada que indicaba que este tipo de instrumentos musicais só aparecían no leste europeo. Representan un grupo dunha gran relevancia, tanto polo seu uso como instrumentos de iniciación, como pola súa grande antigüidade.

**RESUMEN:** Las gaitas y gaitas de fol con cantores de tipo clarinete, es decir con lengüetas sencillas, han sido ignoradas hasta la fecha en todos los trabajos de organología gallega. Su presencia en nuestro acervo organológico rompe con la concepción equivocada que indicaba que este tipo de instrumentos musicales sólo aparecían en el este europeo. Representan un grupo de gran relevancia, tanto por su uso como instrumentos de iniciación como por su gran antigüedad.

**ABSTRACT:** The bagpipes and bagpipes "de fol" with simple tongue-pieces have been ignored to date in all the works of Galician organology. Its presence in our organological heap breaks with the mistaken conception that this type of musical instruments only appeared in the east. of Europe. They represent a group of great relevance, as much by its use as instruments of initiation as by its great antiquity.

**PALABRAS CRAVE:** gaita - gaita de fol - aerófonos de lengüeta sencilla - pallón, gaiteiros - música tradicional - instrumentos tradicionais

Este artigo ven a completar o estudo da tipoloxía das gaitas e gaitas de fol galegas existentes nos séculos XIX e XX na tradición musical galega que comezou co artigo titulado "*Gaitas e gaitas de fol galegas con cantores de tipo óboe*"<sup>1</sup> publicado en 2006 nesta mesma revista (*número 5*).

\* Pablo Carpintero. Departamento de Historia da Arte. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela.

Doutor en Ciencias pola Universidade de Santiago de Compostela. Investigador do Dpto. De Historia da Arte da USC. Técnico do Proxecto Ronsel para a recuperación do Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia, coordinado pola Universidade de Vigo.

## AERÓFONOS DE LINGÜETA SINXELA E SOPRO DIRECTO

Tamén denominados clarinetes. Atendendo ó material con que son fabricados sobreviven en terras galegas dous tipos diferentes, uns fabricados con talos de gramíneas, sempre idioglotos<sup>2</sup>, e outros feitos de madeira ou cana, podendo ser idio ou heteroglotos.

O primeiro tipo, que aparece por toda Galicia, corresponde con instrumentos fabricados con pallas de centeo, avea ou trigo. A súa denominación varía dunhas zonas a outras. Temos documentadas as seguintes: *gaitas de alcacén*, *gaitas de centeo* ou *gaitas de avea* na maior parte de Galicia; *pipas de alcacén* nas zonas montañosas do oriente galego e esporadicamente noutros lugares e, por último, *páveas*, nome que aparece soamente na zona de Mondoñedo (provincia de Lugo). Posto que por razóns varias o apelativo "*pipas de alcacén*" parece ser o máis primitivo, empregarémolo para referirnos a este tipo de clarinetes fabricados con talos de gramíneas. Como xa dixemos, estes instrumentos aparecen por toda a xeografía galega, incluso nas zonas onde se empregan decote as *gaitas* ou *pipas de castiñeiro*. Son instrumentos que serviron tamén para a aprendizaxe de multitude de vellos gaiteiros, de feito, nin un só dos informantes entrevistados descoñecía como fabricalos e tocalos. A este respecto debemos salientar, a título de curiosidade, que no norte de Portugal os gaiteiros descoñecen en xeral as *pipas de alcacén*, sendo esta unha das escasas características que os diferencian dos gaiteiros galegos. Non ocorre así cos gaiteiros sanabreses, leoneses e asturianos, que coñecen perfectamente estes instrumentos musicais.




fig. 1. Pipas de alcacén.

Para fabricar unha *pipa de alcacén* escóllese, preferentemente, o talo dunha planta de centeo xusto cando comeza a espigar, posto que é neste momento cando a palla acada unha maior firmeza. O trigo, a avea ou outras gramíneas silvestres, anque aptas tamén para a súa fabricación, resultan en instrumentos bastante más fráxiles e menos duradeiros. O tubo cantor das *pipas de alcacén*, fabricase co espazo que queda entre dous nós da palla.

Normalmente teñen uns 15-20 cm de lonxitude por 4-5 mm de diámetro. Na parte superior, aquela que se introduce na boca, déixase intacto o nó da palla; a uns 2.5 cm del, e con axuda dunha navalla ben afiada, practícase unha incisión perpendicular á palla e levántase unha pequena lingüeta (fig. 1) que será a encargada de producir o

son ó soprar a través dela. A lingüeta tamén pode ser practicada ó xeito inverso, é dicir, practicando a incisión a uns milímetros do nó e levantando a lingüeta cara á parte inferior do instrumento.

O nó da parte inferior do instrumento é sempre eliminado, quedando así aberta a *pipa de alcacén* polo extremo oposto ó que porta a lingüeta. No tubo cantor así fabricado, axudándose dunha navalla, e tomando como distancia aquela que marcan os dedos pousados de xeito natural sobre o instrumento, perfóransen de tres a oito furados tonais, sendo o número máis frecuente o de seis. En caso de ser oito os furados o primeiro deles practícase na cara posterior do instrumento e tápase co matapiollo da man esquerda. O instrumento afínase abrindo os furados ata acadar o ton desexado. Normalmente escóllense escalas semellantes ás das *gaitas de fol*. As *pipas de alcacén* son quen de reproducir, se son fabricadas coa suficiente destreza, calquera tipo de melodía propia das *gaitas de fol* ou do canto tradicional.

Na comarca de Bergantiños (A Coruña) temos documentada unha variante moi curiosa deste tipo de instrumentos. Trátase de *pipas de alcacén* dotadas dun bordón fabricado do mesmo xeito que o tubo cantor, mais sen furados tonais. Este segundo tubo é introducido na boca do tocador ó mesmo tempo que o tubo cantor, adoptando unha disposición diverxente (fig. 2). Outro instrumento semellante aparece na zona de Mondoñedo (Lugo) baixo a denominación de *páveas*. Aquí, o tubo cantor e o bordón son xunguidos de xeito paralelo mediante fío de coser (fig. 3) e introducidos xuntos na boca do músico. Tanto neste caso como no anterior, o bordón emite a tónica do cantor na súa mesma oitava e para afinalo convenientemente vaise recortando a súa lonxitude ata que a nota emitida é a adecuada. Ambos instrumentos sondobres clarinetes idioglotos sobre os que logo faremos algúns apuntes históricos para evidenciar a súa notable antigüidade.



fig. 2: Tocador de Bergantiños cunha pipa de alcacénobre.



fig. 3: Pávea da zona de Mondoñedo

Este tipo de instrumentos foron empregados por moitos dos gaiteiros tradicionais galegos consultados (67 dun total de 116) constituindo en moitos casos o primeiro instrumento musical co que tiñan contacto. Seu emprego facilitáballes certos coñecementos sobre sopro, afinación, construción, etc. que logo lles serían de grande utilidade para dar o salto á gaita de fol. Este tema discútese con amplitude no artigo do autor “A Aprendizaxe tradicional da gaita de fol galega”<sup>3</sup> do que traemos aquí un mapa coa distribución dos gaiteiros tradicionais que empregaron na súa aprendizaxe gaitas de alcacén sinxelas oudobres e daqueles que non as empregaron (fig. 4), rechamando nel a ausencia deste tipo de instrumentos en grande parte da provincia de Pontevedra, facendo o río Ulla como fronteira norte para estes instrumentos.




fig. 4: Distribución dos gaiteiros tradicionais consultados indicando o uso das gaitas de alcacén sinxelas oudobres.

O segundo tipo de clarinetes primitivos, aqueles fabricados de madeira, aparecen distribuídos por toda Galicia agás nas montañas do oriente de Lugo e Ourense. Denomínanse xenericamente *gaitas* e valeron tamén como instrumentos de aprendizaxe para futuros gaiteiros, ademais de proporcionar solaz a moitos nenos e nenas, como ocorre con tódolos instrumentos que estamos a describir. As *gaitas* consisten en tubos de cana ou sabugueiro<sup>4</sup> (ambas madeiras teñen un furado interno natural) nos que se practican de tres a oito buratos tonais (no caso de ser oito os furados, o primeiro é sempre posterior). O lugar dos buratos elíxese polo procedemento que xa vimos explicando e son practicados coa axuda dun ferro quente, abrindoos máis ou menos segundo a afinación que se queira conseguir. O son acádase mercé a unha lingüeta sinxela que ben pode ser labrada directamente no

corpo do instrumento (clarinetes idioglotos, como as *pipas de alcacén*) (fig. 5) ou ben ser fabricada á parte e accolada ó extremo superior do instrumento (clarinetes heteroglotos, semellantes ós cantores de moitas *gaitas de fol* do oriente europeo) (fig. 6). No caso das *gaitas heteroglotas* as lingüetas adoitan a ser elaboradas do mesmo material que o tubo cantor, mais por veces poden ser feitas doutro diferente; así, é frecuente acolar lingüetas labradas en pallas de centeo ou trigo a finos tubos de cana (fig. 7), fornecer con lingüetas de sabugueiro instrumentos feitos de cana e viceversa.




fig. 5: Gaitas idioglotas fabricadas con cana do pais (arriba) e cana india (abaixo). [Barra=18 cm]




fig. 6: Gaitas heteroglotoas feitas de sabugueiro. [Barra=18 cm]




fig. 7: Gaitas de cana heteroglotas con lingüetas de palla de centeo. [Barra=18 cm]

As *gaitas* tipo clarinete fabricadas de madeira constan sempre dun só tubo cantor; por agora non temos atopado ningún rastro de clarinetesdobres fabricados de cana ou madeira en Galicia, anque a existencia destes instrumentos fabricados con pallas, indica que nalgún tempo ben puideron existir.

Fagamos agora un pouco de memoria histórica sobre os aerófonos de lingüeta sinxela. Clarinetes primitivos idénticos ós que viñemos de describir, fabricados con pallas de avea duplas xunguidas de xeito paralelo, teñen sido atopados en enterramentos exipcios de hai máis de 4500 anos<sup>5</sup>. Entre os exipcios do Imperio Antigo era frecuente tamén a fabricación de clarinetesdobres con cana e talos de xunco. Curt Sachs opina que este tipo de instrumentos puideron ter a súa orixe no mundo semita, de onde pasarían a Exipto e Mesopotamia<sup>6</sup>, onde eran construídos con pallas e madeira, mais tamén con metais preciosos e mesmo con lapislázuli. Estes achados arqueolóxicos aproxímannos á enorme antigüidade deste tipo de aerófonos.




fig. 8: Reclam de xeremies ibizenco. Estes antigos clarinetesdobres son praticamente idénticos ós exipcios actuais (zummara) e antigos, o que indica, posiblemente a existencia dun pasado común.

Mais, ¿como chegaron a Galicia estes instrumentos dende o oriente do mediterráneo? O seu transporte ata a Península Ibérica ben pudo ocorrer en mans dos primeiros poboadores que chegaron a estas terras ou ben portados, moito tempo despois, polos fenicios, durante o período de influencia oriental que esta sufriu entre os séculos VIII e III a.C. Esta hipótese xa foi apuntada polo profesor García Matos no seu traballo sobre o *reclam de xeremies*<sup>7</sup> (fig. 8), un dobre clarinete fabricado de cana que ainda sobrevive na illa de Ibiza. Reforzan esta hipótese os recentes achados arqueolóxicos que indican unha forte e temperá presencia deste pobo de navegantes no extremo occidental do Mediterráneo<sup>8</sup>.

Tanto no tocar das *pipas* ou *gaitas de castiñeiro*, como no das *gaitas de alcacén* (con ou sen bordón) e as *gaitas* non atopamos, ata a data, ningún vestixio de respiración circular, o que podería indicar unha diverxencia temperá, respecto a outros instrumentos

da mesma familia, á que pertencen instrumentos como o *alboka* vasco ou toda a familia dos clarinetes norteafricanos que si son tocados con respiración circular. Este dato soporta a hipótese dun uso moi antigo destes instrumentos en Galicia.

Para rematar co estudio destes clarinetes primitivos soprados directamente coa boca, debemos sinalar que nos clarinetes tódolos furados tonais son sempre dun tamaño moi semellante (anque por veces incrementan lixeiramente seu tamaño cara ó extremo distal), mentres que nos óboes (as *pipas* ou *gaitas de castiñeiro*) os furados aumentan ostensiblemente de tamaño segundo nos aproximamos á parte inferior do instrumento, característica que se mantén en tódolos óboes tradicionais, incluídos os punteiros das *gaitas de fol*.

Feito este sucinto repaso polos primitivos aerófonos de lingüeta de sopro directo que sobreviviron na nosa terra ata o día de hoxe, pasamos ó estudio das tipoloxías das *gaitas de fol* con cantores de tipo clarinete que existiron en Galicia durante os séculos XIX e XX.

#### GAITAS DE FOL CON CANTORES DE LINGÜETA SINXELA

Como xa apuntamos anteriormente, as *gaitas de fol* xorden despois do acolamento dun *fol* a un ou varios aerófonos de lingüeta, sendo polo tanto este dispositivo o que da carácter propio e cohesión interna ó grupo das *gaitas fol*, por outra banda tan diverso tanto en Galicia como no resto do vello mundo. Entreteñámonos un intre en falar sobre este enxeñoso dispositivo.

Os foles son depósitos flexibles para o ar nos que se atan os tubos melódicos. O tocador acciónao meténdo debaixo dun brazo e enchéndo de ar coa boca, para o que emprega un tubo de insuflación denominado, en Galicia, *soprete* ou *soplete*. Os foles para os aerófonos de lingüeta sinxela eran fabricados decote mediante o curtido dunha vincha de porco, becerro, vaca, ou calquera outro animal de tamaño grande, anque tamén se fixeron curtindo pelicas de cabrito ou, menos frecuentemente, de gato ou de can.

O procedemento de curtido das vinchas consiste no seu coidadoso lavado e posterior mazado contra unha pedra ben lisa. Despois de golpear e refregar a vincha repetidas veces contra a pedra, éñchese de ar empregando un tubiño de cana ou sabugueiro para que estire todo o posible; máis tarde baléírase e séguese mazando e enchendo de ar ata que se acada un tamaño adecuado. Unha vez conseguido esto, éñchese de ar e átase para que non se baleire, afúmase durante uns días, ata que fica perfectamente enxoita, e xa se pode usar como *fol*.

O curtido das pelicas é mais complexo e faise de moitos xeitos diferentes dependendo da zona. O procedemento máis sinxelo consiste en deixar o pelo do animal no interior do *fol* e fregar e golpear o seu exterior contra a cortiza dunha árbore ata que acada a textura requirida. Un procedemento algo más complexo é deixar a pelica somerxida nunha corrente de auga ata que podrece lixeiramente e se lle pode arrincar o pelo con

facilidade, entre que se aproveita para eliminar este por completo. Unha vez limpo de pelo, lávase coidadosamente e déixase enxoitar, entón xa pode ser empregada coma *fol*. Outro procedemento diferente consiste en enterrar a pelica en estrume de ovellas ou cabalos. Alí mantense uns poucos días ata que o pelo se deixa arrincar con certa facilidade, entón procédese coma no caso anterior. Noutros lugares enchen a pel cunha masa feita con salvado, sal, auga e lévedo antes de enterrala no estrume.

Outros xeitos más complexos inclúen o verdadeiro curtido da pel con sales de alumo e seu posterior adobiado con diversas mesturas, mais este procedemento é más típico dos constructores profesionais de *gaitas de fol* que dos afeccionados que constrúan a súa propia *gaita* de cana ou sabugueiro, posto que os sales e os outros materiais empregados raramente estaban á disposición de calquera.

Falemos xa das *gaitas de fol* con cantores de lingüeta sinxela que puidemos atopar en Galicia. Normalmente os estudiosos asocian estas *gaitas de fol* co norte de África, Asia e a zona oriental de Europa, mentres que as dotadas de cantores tipo óboe, é dicir de lingüeta dobre, relaciónnanse coas zonas occidentais de Europa. Veremos aquí como esta idea non é más que unha verdade a medias, froito do descoñecemento xeneralizado que no occidente temos dos nosos instrumentos tradicionais. Debemos dicir que as *gaitas de fol* con cantores de tipo clarinete eran, ata hai ben pouco, descoñecidas para os estudiosos en Galicia, posto que este é o primeiro traballo que dá conta delas. Ademais, estes instrumentos atópanse nun estado de práctico abandono polos músicos galegos das novas xeracións.

As *gaitas de fol* con cantores cilíndricos de cana ou sabugueiro e dotadas de lingüetas sinxelas están presentes en praticamente toda Galicia, faltando só naquelhas áreas onde as montañas acadan unha maior altitude, concretamente nas zonas montañosas do oriente lucense e ourensán como A Fonsagrada, Os Ancares, O Cebreiro e O Caurel. Durante o desenvolvemento do noso traballo de campo tivemos a oportunidade de documentar dous tipos ben diferenciados de aerófonos de lingüeta sinxela con *fol*, sendo un deles, a *rosca*, completa e absolutamente descoñecido, ata este momento, polos estudiosos.

O primeiro tipo de aerófonos de lingüeta sinxela con *fol* xorde, como o seu nome indica, do acolamento dun *fol* a calquera dos aerófonos de lingüeta sinxela que viñemos de describir no epígrafe anterior. A denominación tradicional dos instrumentos resultantes desta xuntanza é *gaitas de fol*, mais os tocadores pódense tamén referir a elas, frecuentemente como gaitas, engadíndolle incluso algúns adxectivos que indique o material con que eran fabricados os tubos cantores, deste xeito xorden denominacións como *gaita de cana*, *gaita de sabugueiro*, *gaita de bieiteiro*. Posto que a “*gaita galega*” ou *gaita de fol* galega máis coñecida é denominada tamén de xeito tradicional como *gaita* ou *gaita de fol*, evitaremos equívocos con este e outros instrumentos aquí tratados, usando o apelativo de “*gaitas de cana con fol*” para referirnos ós aerófonos de lingüeta sinxela dotados de *fol*, tendo sempre presente que poden ser elaborados tamén con sabugueiro e que esta denominación non é, en absoluto, tradicional.

Como xa dixemos, as gaitas de cana con *fol* son fabricadas polos propios tocadores engadindo un *fol* a calquera das diferentes variedades de aerófonos de lingüeta sinxela que xa vimos, excepción feita daqueles elaborados con talos de gramíneas. Deste xeito, os tubos cantores destes instrumentos poden ser idioglotosos ou heteroglotos e levar lingüetas de cana, sabugueiro ou talo de gramínea, mais, como a súa fabricación esixe un traballo moito maior que os instrumentos soprados directamente coa boca -posto que hai que conseguir e curtir un *fol*- así tamén os tubos cantores son, normalmente, máis complexos e de feitura máis acabada que os dos aerófonos soprados directamente coa boca. Así pois, os tubos cantores das gaitas de cana con *fol* raramente son idioglotos e normalmente van fornecidos con oito furados tonais, o que permite obter unha oitava completa cunha tónica superior e unha subtónica. Os buratos ábrese sempre empregando un ferro ardente, calculándose a da distancia entre eles polo método que xa temos explicado. A súa correcta afinación acádase abríndoos ou pechándoo<sup>9</sup>, sendo o peche dos furados un refinamento que non se aplica nos clarinetes soprados directamente coa boca. Do coidado que se pon na súa feitura facilmente se deduce que nestes instrumentos é posible executar calquera melodía propia da *gaita de fol* ou do canto tradicional.

Outra particularidade das gaitas de cana con *fol* é que os tubos cantores poden posuír un, dous ou tres furados non tonais (fig. 9) encamiñados únicamente a mellorar a sonoridade do tubo cantor. Estes furados non dixitais nunca aparecen nos clarinetes soprados directamente coa boca.




fig. 9: Tubo cantor de gaita de cana con *fol* da Paradanta (Pontevedra). Na parte inferior, pódese observar un dos tres furados non tonais dese cantor.

A maior complexidade das gaitas de cana con *fol* non remata aquí, posto que estes instrumentos poden estar dotados dun bordón (fig. 10). Este é fabricado exactamente igual que o tubo cantor e vai fornecido, únicamente, dun ou dous furados que permiten a súa afinación coa tónica do cantor (na súa mesma oitava) mediante a súa coidadosa abertura ou peche usando os medios xa referidos. Algo más raros, pola súa maior dificultade de fabricación, son os bordóns que emiten a tónica do cantor na súa oitava inferior (como na *gaita de fol* corrente). Tanto os tubos cantores como os bordóns destes instrumentos son atados directamente ó *fol*.

Os *sopretes* das gaitas de cana con *fol*, é dicir, os tubos a través dos que se insufla aire no *fol*, eran fabricados decote co mesmo material que o tubo cantor e tamén atados directamente ó *fol*. O retorno do ar cara á boca do tocador podíase impedir por tres métodos: o más sinxelo, e tamén o más frecuente, é obturar a punta do *soprete* coa




fig. 10: Gaita de cana con fol dotada de bordón, fabricada por Calixto Barral (O Covelo, Pontevedra). As buxas foron postas polo autor para facilitar a manipulación das lingüetas, orixinalmente carecfa delas e os tubos sonoros cantores atábanse directamente ó fol.

lingua; o segundo, documentado unicamente en Tordoia (A Coruña) consiste en adaptar unha lingüeta sinxela, coa lámina moi delgadiña, na parte inferior do *soprete* (aquella que queda introducida no *fol*). O terceiro xeito de impedir o retorno do ar é cravando un pequeno recorte de coiro na parte inferior do *soprete*, máis esto é complicado debido á finura da parede dos *sopretes* feitos de cana ou sabugueiro.




fig. 11: Distribución da rosca a principios do século XX.




fig. 12: Esquerda, rosca da comarca do Baixo Miño construída por Alfonso Álvarez Pousa (Cristelos, Tomiño-Pontevedra); arriba, detalle do resoñador de corno; abaixo, este home probando unha das súas roscas.

O segundo tipo de aerófono de lingüeta sinxela dotado de *fol* que puidemos atopar en Galicia aparece só na comarca de Baixo Miño (sur de Pontevedra) (fig. 11), sendo coñecido polo nome de *rosca*. Trátase dunha *gaita de fol* co cantor rematado nun resoñador de corno que vai ornado cun característico dentado e fornecido con tres furados non dixitais (fig. 12). A rosca resulta extremadamente similar a aquelas *gaitas de fol* que aparecen representadas na iluminación da Cantiga nº 260 do famoso *Códice Escurialense* mandado confeccionar por Afonso X (fig. 13). Este instrumento representado nas *Cantigas de Santa María* é unha *gaita de fol* con cantor cilíndrico<sup>10</sup>, e polo tanto cabe supoñer que




fig. 13: Iluminación da Cantiga nº 250 do Códice das Cantigas de Santa María (s. XIII).

iría equipado cunha lingüeta sinxela. Pola súa destacable semellanza coa rosca, pensamos que esta podería ser unha supervivencia deste tipo medieval de instrumentos.

Na elaboración dunha rosca investíanse moitas horas, polo tanto non era un instrumento indicado soamente para os rapaces xogar, como todos os que viñemos describindo ata agora, senón que foi tamén moi empregada polos adultos. Usábana con moita frecuencia os pastores para distraer as longas horas de coida do gando no monte e tamén era tocada nas noites de Noiteboa e Reis para acompañar as cantigas que se executaban de casa en casa recadando os aguinaldos.

Este instrumento recibe o curioso nome de *rosca* seguramente debido á rechamante ornamentación que ostenta o tubo cantor, que nos fai lembrar as voltas dun parafuso (fig. 12). O instrumento carecía sempre de bordón e tanto o tubo cantor como o *soprete* eran tallados a navalla sempre sobre pólás secas de sabugueiro de uns 2 cm de grosor, ó que corresponde un furado interno duns 7-8 mm de diámetro. O tubo cantor equipábase cunha lingüeta sinxela duns 4-5 cm de lonxitude, fabricada de cana ou sabugueiro, e na que a lingüeta sempre era cortada cara ó cantor (fig. 14).

fig. 14: Detalle das lingüetas de dúas roscas fabricadas por Alfonso Álvarez Pousa.



Para obter as melodías perforábanse no cantor sete furados tonais axudándose dun ferro quente. O primeiro burato fica en posición posterior mais á mesma altura que o segundo furado (o primeiro dos anteriores). A distancia entre os buratos tonais era calculada segundo a separación dos dedos do tocador (anque nas roscas esta distancia é lixeiramente superior a observada noutros aerófonos galegos semellantes, sobre uns 30 mm) e a súa afinación segue uns patróns lixeiramente diferentes que os das escalas das *gaitas de fol* da zona.

A diferencia do que ocorre nas gaitas de cana con *fol*, o tubo cantor das roscas e o seu *soprete* non se ataban directamente no *fol*, senón que eran inseridos nel coa mediación de dous asentos ou *buxas*, fabricadas tamén de sabugueiro e tallados exactamente coa mesma ornamentación do tubo cantor. Estas *buxas* eran aseguradas, mediante unha atadura, a unha vincha de porco ou a unha pel de cabrito curtidas que constituían as principais materias primas para a construción dos foles destes instrumentos. A presencia das *buxas* facilita moito a substitución e manipulación da lingüeta sinxela do tubo cantor, que se denominaba *pallón* coma no caso do *roncón* das *gaitas de fol*.

As roscas producen unicamente unha escala heptatónica a partir da tónica, posto que o primeiro furado posterior, aquel destinado ó matapiollos da man esquerda, ó estar situado á mesma altura que o primeiro furado anterior, non emite unha nota diferente á dese ó ser destapado.

Como conclusión diremos que todos instrumentos que vimos de describir serviron de método de introducción para os nenos cara á *gaita de fol*, facilitándolles todas as habilidades necesarias para o seu correcto manexo, tales como construcción de pallóns, afinación dos cantores, construcción e tempero dos foles, dixitación etc. Por outra banda, a presencia destes instrumentos no extremo occidental de Europa debe rachar dunha vez coa vella asociación das *gaitas de fol* con cantores de tipo clarinete a Europa do leste. Por último debemos salientar que a conservación deste tipo de instrumentos en Galicia reforza a enorme antigüidade e orixinalidade do noso acervo organolóxico.

<sup>1</sup> Pablo Carpintero. *Gaitas e gaitas de fol galegas con cantores de tipo óboe*. Etno-folk. Revista galega de etnomusicoloxía, nº5, maio 2006.

<sup>2</sup> Os clarinetes idioglotos son aqueles nos que a lingüeta está tallada no mesmo tubo cantor. Por contraposición, heteroglotos son aqueles instrumentos nos que é posible separar a lingüeta do tubo cantor, podendo estar feita do mesmo ou diferente material que este.

<sup>3</sup> Pablo Carpintero. A Aprendizaxe tradicional da gaita de fol galega. En: *Actas do I Congreso de Ensinantes de Música Tradicional Galega*. Edita: Asociación de Gaiteiros Galegos, 2007.

<sup>4</sup> Esta árbore recibe noutras zonas de Galicia o nome de bieiteiro ou biantero.

<sup>5</sup> Francis Collison. *The Bagpipe. The History of a Musical Instrument*. Routledge & Kegan Paul, London. 1975, p. 16 e ss.

<sup>6</sup> Curt Sachs. *Historia Universal de los Instrumentos Musicales*. Ed. Centurión, Buenos Aires 1947, p. 70.

<sup>7</sup> Manuel García Matos. Las xeremies de la illa de Ibiza. Anuario Musical, 1954, pp. 162-178.

<sup>8</sup> Sabatino Moscati. *Los Fenicios*. Ed. Folio S.A., 1988.

<sup>9</sup> A operación de pechar un furado abierto de máis realiza-se pegando nas paredes do burato un pouco de cera quente ou unha migia de miolo de pan lixeiramente mastigado.

<sup>10</sup> Rosario Álvarez. *Los Instrumentos Musicales en los Códices Alfonsinos: su tipología, su uso y su origen. Algunos problemas iconográficos*. Revista de Musicología, 1987. Vol. X, nº1.